



**Ansega Electricidad,S.L.U.**

## **REQUIRIMENTO**

Na data do 19/08/2024, a mesa de contratación, procedeu á valoración das ofertas presentadas á licitación do contrato para a execución do proxecto de obra “Renovación do alumeadado público no parque empresarial de Vimianzo” (Exp.TEDeC 2024/C003/000006)

Do resultado da valoración das mesmas detectouse que a oferta presentada pola empresa Ansega Electricidad,S.L.U. (CIF B70509005) está nun suposto de presunción de anormalidade.

Tendo en conta o exposto, de acordo co establecido na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), dentro do prazo cinco días hábiles, contados dende o seguinte á recepción deste escrito, deberá xustificar a dita oferta, acompañando a documentación que se refire a cláusula 12ª do prego, que sinala:“(…)1. Xustificación de prezos ofertados:

### *A.Materiais*

#### *A.1 Compra*

*-Carta de compromiso dos provedores*

*-Prezos unitarios detallados*

#### *A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares*

*-Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público*

### *B. Maquinaria*

#### *B.1 Alugueiro e/ou contratación*

*-Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos*

#### *B.2 Medios propios*

*-Relación detallada da maquinaria*

*-Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico*

### *2. Volume de obra:*

*Neste caso deberá xustificar o licitador que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.*

### *3. Relación entre custo laborais fixos e volume de obra contratada:*

*Xustificarse mediante a achega da nómina e boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación.*

### *4. Cumprimento de obrigas salariais.*

*Presentarse declaración e xustificación de cumprimento de obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos*

### *5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.(…)”*

A documentación deberá presentarse na sede electrónica do órgano de contratación e con sinatura electrónica do representante.

O que lle remito para os efectos sinalados.

O que asino en Vimianzo,

A secretaria da mesa

Ivanna Vidal Domínguez

(documento asinado electrónicamente)